



CONCURSO DE NARRATIVA

XVIII PREMIO LITERARIO CAMILO JOSÉ CELA

O Excmo. Concello de Padrón, en sesión plenaria de data 20-X-89, acordou crear o "PREMIO LITERARIO CAMILO JOSÉ CELA DE NARRATIVA", como homenaxe perpetua á figura humana e literaria do egrexio escritor, que se fallará por un xurado designado pola Corporación Municipal antes do 31 de decembro de 2007.

En cumprimento de devandito acordo, convócase este XVIII Concurso de Narrativa "Premio Camilo José Cela", con arranxo ás seguintes:

BASES:

PRIMEIRA: Establécese un premio de 2000 € para a obra seleccionada polo xurado.

SEGUNDA: Os relatos terán unha extensión de 12 a 25 folios, escritos a máquina e a dobre espazo. Deberán ser orixinais, inéditos, non premiados en calquera outro tipo de concurso e estar escritos en galego ou castelán.

TERCEIRA: O prazo de entrega dos relatos finalizará o 15 de xullo de 2007. Presentaranse no Rexistro de Entrada do Concello de Padrón, por quintuplicado exemplar, sen firma e cun lema. Se adjuntará un sobre no que figure devandito lema e dentro del unha cuartilla co nome, dous apelidos e teléfono do autor, cunha declaración de que o relato axústase ás normas establecidas na Base segunda. Só se abrirá o sobre do traballo premiado.

CUARTA: O xurado designado polo Excmo. Concello de Padrón emitirá o seu fallo antes do día 31 de decembro de 2007 e será feito público polos medios de difusión.

QUINTA: O relato premiado pasará a ser propiedade do Excmo. Concello de Padrón, que se reserva o dereito de publicalo.

SEXTA: A entrega do premio realizarase no lugar e data que determine o Alcalde da Corporación do Concello de Padrón, nun acto solemne.

SÉTIMA: Os traballos non premiados poderán recollerse ata o día 31 de xaneiro de 2008. Os que non sexan retirados destruíranse pasado este prazo.

OITAVA: Non poderán presentarse a este concurso os autores premiados en anteriores convocatorias.

NOVENA: O xurado poderá decidir deixalo deserto ou ben conceder tantos accésit considere coa cuantía global do Premio. A súa decisión será inapelable.

DÉCIMA: A resolución de todas as cuestións que poidan xurdir ou suscitarse nesta convocatoria, é de exclusiva competencia do Excmo. Concello de Padrón e do Xurado.

Padrón, marzo de 2007